

AXUDAS

BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

A Consellería de Economía, Emprego e Industria abre hoxe o prazo para solicitar o Bono Autónomo, unha nova medida cun investimento de 3 millóns de euros e que apoiará con ata 3.000 euros por traballador a consolidación da súa empresa para aquelas que contan cunha antigüidade mínima de 42 meses e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído, declarados no ano anterior ao da convocatoria).

[O Diario Oficial de Galicia \(DOG\) publicou](#) onte esta medida coa que se prevé beneficiar a 1.000 persoas que gañarán en profesionalidade, desenvolvemento estratéxico e competitividade. A Xunta anticipará o 100% da contía.

OBXECTO:

Fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria, para o ano 2017, das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a concesión de axudas do Programa do bono das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

SUBVENCIÓN

Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional das persoas beneficiarias desta orde unha subvención, mediante pagamento anticipado, de ata 3.000 euros.

Esta axuda destinarase a sufragar os gastos nos seguintes servizos:

Profesionalización: servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento, servizos de optimización de procesos de produción e cadea loxística, relanzamento comercial, imaxe e comunicación e posicionamento web.

Desenvolvemento estratéxico: plan de mellora empresarial, márketing, redefinición do modelo de negocio e identificación de socios e redes de cooperación.

Tamén se poderá ter en consideración calquera outro servizo ou actividade non incluído nos parágrafos anteriores que poida ser considerado de maneira indubidable como dirixido á mellora da competitividade.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas traballadoras autónomas que residan e teñan domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF, anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, declarados no ano anterior ao da convocatoria.

Quedan excluídos desta orde:

- a) Os familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas que non teñan a condición de traballadores por conta allea conforme o establecido no artigo 1.3.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- b) Os traballadores economicamente dependentes a que se refire o capítulo III do título II da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións:

- a) Permanecer de alta no RETA durante un tempo mínimo de dous anos desde a solicitude de subvención, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar de maneira fidedigna.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- h) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. De acordo con esta obriga, a empresa subvencionada deberá anunciar que está sendo subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Para isto incorporarán un cartel informativo dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible. O dito cartel estará dispoñible no portal de emprego <http://emprego.ceei.xunta.gal/>.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRAZO DE SOLICITUDES

Do 01/08/2017 - 31/08/2017.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, estará dispoñible a aplicación informática da sede electrónica desde as 9 horas do día seguinte á súa publicación no DOG ata as 23.59 horas do día de finalización do prazo

ORDE DE CONVOCATORIA

Orde do 11 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono das persoas autónomas e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG nº 144 do 31 de xullo de 2017).

 [2017-07_31_bono_autonomo.pdf](#)

OFICINA DO AUTÓNOMO

En Galicia, aproximadamente 1 de cada 4 persoas ocupadas figura inscrita no Réxime Especial do Traballo Autónomo (RETA), o que fala as claras da súa importancia e do valor achegado por este colectivo á economía galega.

Por este motivo, dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, en interlocución coas principais entidades representativas do sector e en execución da Estratexia Autónomo 2020, ponse en marcha a Oficina Virtual do Emprego Autónomo como instrumento para unificar e potenciar a atención ás persoas traballadoras autónomas que desenvolven a súa actividade en Galicia.

Deste xeito, estas disporán a partires de agora dun espazo integral de servizos ao que poderán dirixirse desde calquera lugar con acceso a Internet e en calquera horario, para consultar as súas dúbidas, solicitar información ou acceder a servizos especificamente deseñados para elas, evitando perdas de tempo en desprazamentos ou procuras e dedicándose a crear valor na súa actividade.

Obxectivos

Atender ás necesidades e demandas do emprego autónomo galego

Unificar o acceso aos servizos que lles presta a Xunta de Galicia

Desligar as relacións coas persoas autónomas de lugares ou horarios

Optimizar o potencial da rede de persoal técnico de apoio

Integrar toda a información para o emprego autónomo

Favorecer a actualización para a mellora competitiva dos negocios

Abrir un espazo para a busca de ofertas de colaboración en rede

Dispoñer dun espazo básico para a difusión do negocio en liña



Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO